

INSTRUCCIÓN X/2020 DA XERENCIA POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDEMENTO A SEGUIR NOS PROCESOS SELECTIVOS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN PROVOCADA POLA COVID-19

As accións que se indican son como consecuencia da aplicación das recomendacións sanitarias para facer fronte a COVID 19. Esta información podería modificarse en función do que a evolución da pandemia e as autoridades sanitarias aconsellen.

Con carácter previo á celebración do exame, deberase comunicar ao tribunal cando a persoa aspirante presente síntomas compatibles coa COVID 19, se se lle diagnosticase a enfermidade e non rematou o período de illamento ou se se atopa en período de corentena domiciliaria por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días .

En cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, **poderá realizárselle a proba nunha data que non altere o desenvolvemento normal do proceso** . En consecuencia, será necesaria unha ponderación da circunstancia concreta en cada caso por parte do órgano técnico de selección, aos efectos de velar polo cumprimento do dereito ao acceso á función pública en condicións de igualdade por todas as persoas aspirantes e, ao tempo, garantir a seguridade de todas elas.

A persoa afectada, antes da celebración do exercicio, deberá comunicar ao tribunal a súa situación **a través da secretaría deste órgano** (o correo de contacto está publicado na páxina correspondente á convocatoria) **ou ben a través de splanificacion.pas@usc.es e solicitar o aprazamento da proba**. Esta circunstancia deberá estar acreditada co informe facultativo correspondente. En caso de non dispor do informe no momento da comunicación, concederase automaticamente un prazo extraordinario de **48 horas** desde o fin da celebración do exercicio para achegalo.

Os tribunais cualificadores sinalarán a data de realización do exercicio tendo en conta as circunstancias da persoa derivadas da COVID-19 e a necesidade de garantir o normal desenvolvemento das probas.

Se o consideran necesario para preservar o principio de igualdade, os tribunais **quedan facultados para recoller o caderno de preguntas ao finalizar a proba e non publicar as respostas ata que todas as persoas aspirantes se examinen**. Neste suposto, o prazo para presentar as posibles reclamacións previstas nas bases da convocatoria tamén sería único, comezando a computarse cando se examine o último aspirante.

Instrucións para o desenvolvemento dos exercicios:

1. Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por teren contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
2. As persoas aspirantes, se teñen síntomas durante o exercicio compatibles coa COVID-19, deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do Tribunal. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

3. As persoas aspirantes deberán acudir o día do exame con máscara cirúrxica. Non se permitirán máscaras de tela nin as provistas de válvula exhalatoria. Durante todo o tempo de permanencia no centro de exame será obrigatorio o uso da máscara, agás os casos previstos na normativa. As exencións ao uso da máscara deberán ser acreditadas por informe facultativo e comunicadas previamente ao tribunal
4. Todas as persoas aspirantes deberán de manter o respecto da distancia de seguridade interpersonal nos accesos á aula onde se vaia realizar o exercicio. Atenderase ao disposto polo Tribunal en materia de sentidos de circulación.
5. Non se permitirá a saída da aula ata que remate o tempo establecido para a súa realización ou ben haxa acordo do Tribunal noutro sentido. As persoas aspirantes saíran de forma ordenada e mantendo a distancia de seguridade interpersonal.
6. Durante o exame permanecerán as portas e ventás abertas para garantir a ventilación, recoméndase polo tanto vir con roupa adecuada.
7. Non se permitirá o acceso ao edificio da proba de acompañantes das persoas participantes convocadas
8. Todas as persoas aspirantes deberán acudir co seu propio material (bolígrafos, lapis) para a realización do exercicio, evitando compartilos.
9. Aqueles aspirantes convocados para realizar un exame que necesiten un xustificante para entrar en Santiago por causa das medidas de protección fronte ao COVID-19, poderán solicitarlo á secretaría do tribunal.

Para as cuestións non tratadas nesta instrución terase en conta o disposto na normativa ordinaria de selección de persoal nas administracións públicas, nas resolucións reitorais e instrucións da Xerencia relativas á COVID-19, así como ao que poida dispor cada tribunal no exercicio das súas competencias.

O Xerente

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/11/2020 13:40:39.

CSV: F531-51B4-4EAA-B684